

NOVA MEMORIA XUSTIFICATIVA ESPECIFICA DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA A EXECUCION DAS ACTUACIONES DE MELLORA DO BORDE PORTUARIO DE RAXÓ (POIO) E XESTIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADICADAS AOS SERVIZIOS PUBLICOS DE SANEAMENTO, ABASTECIMENTO E OUTROS NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO COMPETENCIA DE PORTOS DE GALICIA.

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia formula a seguinte memoria especifica relativa ao período de vixencia de 15 anos do convenio arriba referenciado, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do acordo, considerando un prazo necesario para que as partes obteñan a utilidade das inversións de acondicionamento da zona portuaria afectada.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das bases de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Poio para:

1.- A construción das infraestruturas reflectidas no proxecto construtivo Mellora do bordo portuario de Raxó, Concello de Poio, Pontevedra por un importe total antes de IVE de 685.689,64€ (829.684,46 € IVE engadido) mais o importe previsto de posible liquidación, redactado en xuño de 2022 polo enxeñeiro de Caminos Julio Roberes de Cominges.

IMPORTES	TOTAL PROXECTO	10% SALDO POSIBLE LIQUIDACIÓN	TOTAL COMPROMISO
PRESUPUESTO BASE DE LICITACION SIN IVE	685.689,64 €	68.568,96 €	754.258,60 €
IVE	143.994,82€	14.399,49€	158.394,31€
TOTAL IVE INCLUIDO	829.684,46 €	82.968,45 €	912.652,91 €



1.- A conservación e mantemento das mesmas de xeito concreto a explotación das redes municipais que se proxectan; saneamento, pluviais, abastecemento, telecomunicacións e electricidade que se ubican en dominio público portuario.

2.- Regulación do tráfico na zona portuaria.

3.- A Retirada de residuos sólidos urbanos.

A duración do convenio extenderáse por un período de 15 anos, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes.

Respecto da xustificación desta duración superior a prevista legalmente como xeral compre sinalar que o artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece a duración máxima dos convenios en catro anos, agás que normativamente prevéxase un prazo superior. Este fundamento normativo, para o prazo superior deste convenio, está constituído polo artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, o cal dispón: " *Cuando algún órgano de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia o cualquier organismo o entidad vinculada o dependiente de la misma requiera la utilización del dominio público portuario, solicitará de Puertos de Galicia los bienes de dominio público necesarios, quien autorizará dicha utilización siempre que sea compatible con la normal explotación del puerto y durante el tiempo que sea preciso, debiendo suscribir el correspondiente convenio, en el cual se establecerán las condiciones de la utilización, incluyendo las tasas que, en su caso, procedan y los costes que debe asumir aquel.*

Cuando sea precisa la utilización del dominio público portuario por algún órgano de la Administración general del Estado, las entidades que integran la Administración local o cualquier organismo o entidad dependiente de cualquiera de ellas para su dedicación a un uso o servicio de su competencia, se procederá de acuerdo con lo establecido en el párrafo anterior."

Este artigo permite ordenar a utilización demanial de zona portuaria con destino á xestión conxunta con outras administracións de servizos, redes e infraestruturas que serven ao porto e as vilas (no marco de interrelación portuaria); de modo que en casos como o obxecto deste convenio se podan establecer mecanismos de colaboración entre administracións que permitan a xestión de redes que esixen unha posta a disposición dos usuarios dilatada no tempo.

Polo tanto, por razón das inversións de infraestrutura que dan servizo ao porto e ao Concello prevese unha actuación de xestión, mantemento e conservación en canto a estas redes esenciais de servizo público do porto e no ámbito de interacción porto- cidade cun volume económico de investimento e mantemento, constante e recorrente, polo que se estima necesario establecer un prazo o suficientemente amplo de colaboración xa que un prazo mais curto implicaría a necesidade constante de formalización de servizos nos convenios.



Neste caso dado o obxecto e finalidade do convenio e por tratarse de uso de zona portuaria por un órgano da Administración Local a duración do acordo será de 15 anos, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do acordo.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Roi Fernández Añón

